

RUTA LIÑARES DE BIDUL — PONTE DE VILLABOL (CONCELLO DE A FONSAGRADA)

TELÉFONOS DE INTERESE:

CONCELLO DE A FONSAGRADA: 982 34 00 00

EMERXENCIAS GALICIA: 112

URXENCIAS SANITARIAS: 061

GARDA CIVIL: 062

INCENDIOS FORESTAIOS: 085




FOTO: Restos da Ferrería de Vilar de Cuña

PROMOVE:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



COLABORA:



CONCELLO DE
A FONSAGRADA

Descripción da ruta:

En Liñares de Bidul, collemos un camiño que sae á esquerda en dirección leste. Ó comezo, os nosos pasos discorren por un bo camiño que atravesa monte baixo, que ó pouco se converte nun sendeiro descendente de bastante pendente. Máis adiante atopamos as ruínas do pobo de Ludeiro dando entrada a unha paraxe de rochas e bosque autóctono. Continuamos por un sendeiro de laxe bastante esvaradio, que atravesa varios soutos e regatos pasando xunto aos restos de antigas corripas. A cada paso o sendeiro faise máis fermoso seguindo o regato do Navalio, encaixado no fondo do val, onde atopamos unha casa habitada temporalmente e que posúe unha fonte. Seguimos o sendeiro ata cegar á estrada, onde collemos á esquerda ata a entrada da pista con indicador a Riodeporcos, pola que continuaremos a ruta. Deixando a ponte colgante de Riodeporcos á esquerda, seguimos a nosa andaina de frente, atopándonos no camiño da República, (antigo camiño feito á man nos anos 30 e 40 que une A Fonsagrada e San Antolín de Ibias), que discorre pegado ó encoro de Grandas de Salime. Continuamos a carle do río Navia disfrutando dunha paisaxe fluvial de gran beleza e valor ecolóxico ata chegar á "Fábrica", lugar onde se fundía o mineral ata o ano 1875, e do que áno hoxe se conserva a súa imponente chimenea. Na aldea abandonada da Fornaza, atópanse os restos de antigos fornos de fundición ferrea e unha antiga capela.

Segundo o camiño, pegado ó río Lamas chegaremos á Ferrería de Vilar de Cuiña, que tivo actividade ata finais do século XIX. Despois de deixar este lugar, hoxe convertido en área recreativa, continuamos o camiño da república acompañados da beleza paisaxística da ribeira do río Lamas, ata cegar á ponte de Villabol onde remata a nosa andaina.

